

## *SEN AIRE, LONXE DE CASA*

Tan só quedaban dúas horas. Acabábase o aire e non había forma de voltar á casa, á nosa querida Galicia, ou polo menos ao noso planeta, a Terra...

-Todo isto non estaría pasando se foses minimamente responsable para coñecer a nave e non perderas o control no medio do Espazo!- reprochoume Alma coa máis xulgadora das súas miradas- Era o único que tiñas que facer, Laura, nin sequera sei por que tiveches que vir connosco nesta misión...

De non ser porque as condicións do espazo fan fisicamente imposible o pranto, morreríamos antes afogados nas miñas propias bágoas que asfixiados pola falta de aire. Todo fora a miña culpa; esa fora a miña primeira misión, e probablemente tamén a última, e non fun quen de controlar o medo e os nervios, polo que non cumprín co meu único deber, e aí estaba eu, perdida no espazo, case sen aire, rodeada de xente que me detesta neste intre... E non lles faltaba razón, pois estaban a piques de morrer debido ao meu enorme erro.

-De verdade queredes desaproveitar así as vosas últimas horas de vida?- Dixo Marcos, de súpeto- En moi pouco tempo as nosas vidas rematarán, e vós ídelo pasar pelexando, destruindo amizades, e discutindo coas únicas persoas que teñen a capacidade de salvar as vosas vidas?

Como non, tiña razón de novo, pero eu non tiña o valor necesario para falar despois da desgraza que causara.

Entón, de socato, Alma acheouse cunha mestura de ira e medo e comezou a berrarme. Eu quedei paralizada, non sabía como reaccionar, e na miña cabeza apareceu o fermoso recordo de cando a coñecín. Era encantadora... e aí estaba chamándome de todo porque non regresaría con vida a casa esa vez, polo meu erro de novata.

Marcos logrou calmala, e ao final chegamos á conclusión de que estabamos totalmente perdidos, e de que aínda que a morte estivera asegurada, polo menos debíamos intentar non morrer desta forma tan desagradable que estabamos a piques de experimentar: asfixiados.

Tras unhas horas maquinando, acordeime da pistola que levabamos en caso de emerxencia.

-Por que non utilizamos a pistola de emerxencia?- suxerín, espantada pola idea, pero aínda máis aterrorizada polo feito de que se non a levabamos a cabo morreríamos asfixiados.

-É certo, vou por ela- dixo Alma, cun aire derrotista.

Uns minutos máis tarde, esta regresou, co semblante aínda máis serio do que o tiña cando marchou:

-Só queda unha bala.

Tras escoitar esta nova, perdimos a pouca esperaza que quedaba nos nosos corpos. Quen debía utilizar a bala?

Ficamos un anaco calados, ata que eu comecei falando:

-Todo é culpa miña, eu non a merezo...

-Ten que ser Marcos- interveu Alma- leva tantos anos traballando como astronauta, adicando a súa vida á ciencia... Merece unha morte digna.

-Non estou de acordo- dixo este- vós tamén sacrificastes moito, non me parece xusto.

-Marcos, por favor, queda pouco tempo.

Finalmente aceptou a arma.

Comezamos a respirar con dificultade, e a morte empezou a asomar a súa gadaña. E chegou o momento. Tras unha emotiva despedida, escoitamos a voz do noso querido Marcos por última vez, dicíndonos: “ata sempre, compañeiras”. Despois de todo o que pasara nas dúas últimas horas, eu xa desexaba que chegase o meu momento, pero entón Alma díxome, entre soloucos:

-Laura, teño que confesarche algo.

-Xa o sei, Alma- dixen, tristeira.

-En serio?- sorprendeuse ela

-Si, ti ódíasme, e non cho reprocho, vas morrer pola miña culpa.

-Non, Laura!, eu...- parouse uns segundos a pensar, coma se non estivese segura, e entón decidiuse a contalo- eu quérote!

Non sabía que dicir, non daba crédito ao que estaba a escoitar. Sobre todo porque eu sentía o mesmo.

-Chegou o meu momento...

Entón vin de cerca esa morte que antes desexaba, e xa non a quería.

-Non, Alma! Non podes marchar aínda! Non podes deixarme con esta pena!

Colleume a man. Tremía.

-Pero, Laura, que é a pena, máis que amor perseverante?

E entón deixou de tremer. E eu sentínme totalmente baleira, soa, desesperada.

Raposo Vulgar